



<i>SUJETO PASIVO</i>	<i>NIF/CIF</i>	<i>NUM. LIQUIDACIÓN</i>
PENELA VALLADARES RAMONA	35248591X	120055667
PENELA VALLADARES RAMONA	35248591X	120055666
PENELA VALLADARES RAMONA	35248591X	120055669
SOTELO GONZALEZ ANA MARIA	52491383R	120064586
SUAREZ LLANOS ANTONIO		120056673
SUAREZ LLANOS ANTONIO		120056674
VILLANUEVA PIÑEIRO AURORA	52496608M	120064797

Bueu, 06/11/2012.— El Alcalde, Félix Juncal Novas.

**2012010678**

\* \* \*

## **MARÍN**

### **A N U N C I O**

Con data 04/12/2012 a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno, adoptou por unanimidade dos presentes, acordo referente ao establecemento dos seguintes prezos públicos para as “memorias USB co PXOM de Marín”:

- “Simple”, formato PDF, prezo 7,00 euros (5,79 +IVE).
- “Completa”, formato PDF e DWG, prezo 10,00 euros (8,27+IVE).

Procedéndose á publicación do presente anuncio ós efectos previstos no art. 5 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello.

Marín, 10 de decembro de 2012.— A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

**2012011793**

\* \* \*

## **PONTE CALDELAS**

### **A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de novembro de 2012, aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 08.11.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN.**

##### *ARTIGO 1º.—CONCEPTO E FUNDAMENTO LEGAL.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas establece a taxa polas utilizacións privativas e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo da vía pública en favor das empresas explotadoras de servizos de subministracións, que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a que se refire o artigo 20.3 en relación co 24.1.c)



parágrafo terceiro do citado RDL 2/2004 e que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 da citada Lei.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE*

1.—Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais a favor das empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de subministracións, que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2.—Esta taxa é compatible con calquera outra que poida establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no punto anterior.

*ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO*

1.—Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, titulares das empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e utilicen privativamente o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia do seu carácter público ou privado, tanto se son propietarias das redes a través das que se efectúa a subministración coma se, non sendo titulares de ditas redes, o son dos dereitos de uso, acceso ou interconexión das mesmas.

Excepciónanse deste réxime os servizos de telefonía móbil.

2.—No caso de que o aproveitamento especial comporte a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, a persoa ou entidade en cuestión estará obrigada, independentemente do pagamento da taxa que proceda, a reintegrar o custo total dos gastos de reconstrución ou reparación respectivos e a depositar previamente o seu importe.

Se os danos son de carácter irreparable, haberá que indemnizar ó Concello na mesma contía que o valor dos bens destruídos ou do deterioro efectivamente producido.

*ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.*

Responderan solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 40 a 43 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE, TIPO E COTA TRIBUTARIA.*

1. Cando o suxeito pasivo sexa propietario da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a que se produce o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteña anualmente no termo municipal.

2.—Terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no territorio municipal polas referidas empresas, os obtidos en dito período como consecuencia das subministracións realizadas ós usuarios, incluíndo os procedentes do aluguer e conservación de equipos ou instalacións propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servizos.

Así mesmo, deberán ser incluídos na facturación os importes de tódalas subministracións efectuadas ós usuarios no termo municipal de Ponte Caldelas, aínda cando as instalacións establecidas para realizar unha subministración en concreto estean situadas fora de dito termo ou non transcorran, en todo ou en parte, por vía pública.

3.—Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os seguintes conceptos:

- a) Impostos indirectos que os graven.



- b) Subvencións de explotación ou de capital, públicas ou privadas, que poidan recibir.
- c) Cantidades que poidan recibir en concepto de herdanza, doazón ou por calquera outro título lucrativo.
- d) Indemnizacións esixidas a terceiros por danos e prexuízos.
- e) Productos financeiros, como dividendos, intereses ou calquera outros de natureza análoga.
- f) Cantidades procedentes da enaxenación de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- g) Cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade suxeita a esta taxa.
- h) En xeral, todo ingreso que non proceda da facturación realizada no termo municipal de Ponte Caldelas por servizos que non constitúan a actividade propia da empresa explotadora de servizos de subministración.

4.—Os ingresos definidos no parágrafo 2 do presente artigo minoraranse, exclusivamente en:

- a) As partidas incobrables determinadas de conformidade co disposto na normativa reguladora do Imposto sobre Sociedades.
- b) As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que teñan sido obxecto de anulación ou rectificación.
- c) As cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes, no caso das que utilicen redes alleas para efectuar as subministracións.

5.—O tipo impositivo que se aplicará será, en todo caso e sen excepción o 1,5 por cento da base imponible. A cota tributaria obterase como resultado de aplicar este tipo impositivo á base imponible definida neste artigo.

#### *ARTIGO 6º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.*

Non se concederán mais exencións e bonificacións que as expresamente previstas en normas con rango de Lei ou as derivadas da aplicación dos Tratados ou acordos Internacionais.

A tributación de Telefónica de España SA rexerase polo establecido na Lei 15/1987, do 30 de xullo.

#### *ARTIGO 7º.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.*

1.—A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincide co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso privativo ou aproveitamento especial, no que o período impositivo axustarase a estas circunstancias, e o devengo será o do inicio do uso.

#### *ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.*

1.—As empresas explotadoras de servizos de subministracións deberán presentar ante o Concello, no transcurso do primeiro mes de cada trimestre natural, declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no trimestre anterior no termo municipal. Dita declaración deberá acompañarse dos documentos acreditativos da facturación efectuada no termo municipal de Ponte Caldelas, así como a que en cada caso solicite a Administración municipal.

A Administración municipal, practicará liquidacións provisionais trimestralmente a conta da que se practique con carácter anual.

2.—O prazo de pagamento en período voluntario será o marcado polo artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.

As débedas non satisfeitas nos prazos estipulados esixiranse pola vía de constrinximento, de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

3.—O Concello de Ponte Caldelas, para facilitar a xestión e recadación desta taxa, poderá celebrar convenios fiscais coas empresas que realicen a actividade descrita nesta Ordenanza.

*ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas corresponda, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.—FACULTADES DE DELEGACIÓN.*

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da facultade do Concello de Ponte Caldelas de delegar todas ou algunha das facultades que corresponden sobre este tributo no O.R.A.L. da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

*DISPOSICIÓN FINAL.—APROBACIÓN E VIXENCIA*

A presente Ordenanza Fiscal que consta de 9 artigos e unha disposición adicional e unha final, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2012 e entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e nunca antes do 1 de xaneiro de 2013.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 17 de decembro de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012011816**

**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de novembro de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de depuración de augas residuais do Concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 08.11.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.***PREÁMBULO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Ponte Caldelas establece a taxa pola prestación do servizo de depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4.r) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

*ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros e o seu vertido a mesma.
- b) O mantemento integral do sistema de depuración de augas residuais urbanas.
- c) A prestación do servizo da depuración de augas residuais urbanas.